

PRESENTACIÓN

Un ano máis, a revista QUINTANA acude á súa cita coa difusión da Historia da Arte. Faino nesta ocasión co seu undécimo número, un exemplar que afonda cos seus artigos e colaboracións na relación que esta mantén coa natureza e a paisaxe.

Aristóteles dixo que “en parte, a arte completa o que a natureza non pode dar e que, ao mesmo tempo, a arte non deixa de imitar á natureza”. Sobre ese camiño que realizan, ás veces unidos, por momentos enfrontados, pero sempre complementándose, falan todos os autores que participan nesta edición. E son os nomes propios e as sinaturas que nos acompañan neste exemplar as que unha vez máis acadan superarse en canto a profesionalidade dos asuntos que abordan.

Porque, se é certo que chegar ao nivel de calidade e recoñecemento que acadou QUINTANA non é sinxelo, e que detrás dese éxito estivo o traballo incansable dos seus editores e a súa directora, máis complexo parece, sobre todo nos tempos que corren, manterse nos mesmos niveis e, incluso, chegar a superarse.

E iso é o que veñen facendo desde hai once anos os responsables da edición da revista QUINTANA. Eles foron quen de crear un nome propio, de facer que outros estudosos da Historia da Arte os teñan en conta como publicación de referencia ata facerse un oco nun lugar destacado deste eido, e de ser recoñecidos por bases de datos tan prestixiosas na literatura científica internacional como, por exemplo, Scopus.

Por toda esta andaina, a miña noraboa. Para todos os retos que vos agardan, o meu ánimo, e o apoio co que vos acompaña, desde hai once anos, a Deputación da Coruña.

Diego Calvo Pouso
Presidente da Deputación da Coruña